

**SEXENIOS DE INVESTIGACIÓN PARA DIPLOMADOS UNIVERSITARIOS**

A profesora da Universidade de Santiago, María Jesús Giráldez, acaba de conseguir un sexenio de investigación malia non ser doutora.

Esta profesora desenvolve o seu labor docente e investigador na Escola de Óptica e Optometría da citada universidade. Ademais, é profesora titular de escola universitaria, praza á que accedeu coa súa titulación de diplomada universitaria en óptica e optometría, que é a que ten neste momento.

A pesar de non posuír máis ca esta titulación e, por iso, non te-la condición de doutora, o rigor dos seus traballos de investigación mereceron a concesión dun sexenio de investigación pola Comisión Avaliadora Nacional da Actividade Investigadora (CENAI). O escepticismo dos non doutores de non poder conseguir este mérito queda así desbotado.

Felicitámo-la profesora Giráldez por este recoñecemento tan merecido e animámo-lo resto dos diplomados a seguiren por este camiño.